

Percibe o alumnado de FP dual algún tipo de remuneración?

O alumnado percibe unha remuneración proporcional ao tempo de permanencia na empresa: tempo efectivo de traballo.

Para o seu cálculo, utilizarase a contía establecida no convenio colectivo ou, de non existir, a contía do salario mínimo interprofesional. 50% o primeiro ano e 60% o segundo ano.



Cales son os requisitos para acceder á FP dual?

- Ter dezoito anos (ou cumprilos no ano natural en que comece o ciclo formativo).
- Carecer da cualificación profesional requirida para concertar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto.
- Non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe.
- Non ter superado ningún módulo profesional do ciclo formativo do proxecto solicitado, agás que fose cursando outro ciclo formativo.

Que é a FP dual?

É unha modalidade de formación profesional que ten como finalidade a cualificación profesional das persoas nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa coa actividade formativa nun centro educativo.

Cal é o valor engadido da FP dual para a empresa?

- A empresa participa activamente no deseño do programa formativo, incorporando os seus procesos e a súa cultura empresarial, cunha maior incidencia na formación práctica do alumnado.
- Constitúe uns dos mellores sistemas de selección de persoal para as empresas, ao participar estas na selección inicial do alumnado, e por ter un coñecemento directo das súas competencias profesionais durante o período formativo.
- Mellora a competitividade, dotando a empresa de capital humano coas mellores habilidades persoais e profesionais, e un alto grao de cualificación.
- A empresa participa da responsabilidade social de fomentar a formación e a empregabilidade das persoas.

CT Enxeñeiros é unha empresa de enxeñería, líder en innovación tecnolóxica. Pertence a The CT Engineering Group, grupo de enxeñería internacional con base principalmente en Europa y más de 30 años de experiencia. Sus más de 1.700 ingenieros permiten a CT ser proveedor das principais compañías industriais nos sectores naval, de plantas industriais, aeronáutico, da automoción, ferroviario, ingeniería eléctrica, de enerxías renovables, y arquitectura..



CIFP FERROLTERRA
Rúa Ramón y Cajal s/n
15403 Ferrol - A Coruña



cifp.ferrolterra@edu.xunta.es

981-333107

f FerrolterraCIFP

@ cifpferrolterra

Reserva a túa
praza a partir da
2ª quincena de
xuño



Ciclo Superior en Desenvolvemento de Proxectos de Instalacións Térmicas e de Fluídos



Formación Profesional
Formación de Futuro



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Que vou aprender e facer?

- Desenvolver proxectos de enxeñaría de sistemas de tubería e climatización en buques e plantas industriais.
- Obter os datos de partida, en obra ou dun anteprojecto, identificando as características do buque, para elaborar a documentación técnica.
- Deseñar sistemas de tubería e eléctricos nun entorno 3D integrado con todas aquelas disciplinas que configuran un buque.
- Debuxar planos, esquemas, entre outros, a partir dos datos obtidos, cumprindo a normativa e requirimentos do cliente. Elaborar a documentación necesaria para a fabricación e montaxe dos sistemas do buque.
- Planificar a montaxe, probas e protocolos de instalacións a partir da documentación técnica ou características da obra.
- Determinar as unidades de obra, tendo en contas os seus tipos e realizando medicións instalacións a partir das medicións realizadas e aplicando os custos asociados ás unidades de obra.
- Elaborar o programa de operacións de mantemento a partir da normativa e recomendacións dos fabricantes.
- Elaborar a documentación técnica e administrativa cumprindo coa regulamentación vixente, coas especificacións de montaxe, protocolo de probas, manual de instrucións de servizo e mantemento.



Plan de formación

Os módulos profesionais deste ciclo formativo son os seguintes:

- Sistemas eléctricos e automáticos.
- Equipamentos e instalacións térmicas.
- Procesos de montaxe de instalacións.
- Representación gráfica de instalacións.
- Enerxías renovables e eficiencia enerxética.
- Configuración de instalacións de climatización, calefacción e AQS.
- Configuración de instalacións frigoríficas.
- Configuración de instalacións de fluídos.
- Planificación da montaxe de instalacións.
- Proxecto de instalacións térmicas e de fluídos.
- Formación e orientación laboral.
- Empresa e iniciativa emprendedora.

Nota. Os módulos en claro están asociados a algunha unidade de competencia.

Cales son as saídas profesionais?

Este profesional desenvolve a súa actividade nas industrias de montaxe e mantemento de instalacións térmicas e de fluídos relacionadas cos subsectores de climatización (calefacción, refrixeración e ventilación) e produción de auga quente sanitaria no sector industrial e no sector de edificación e obra civil.



Ao finalizar os meus estudos, Que podo facer?

- **Delineante Proxectista** de instalacións caloríficas, de climatización e ventilación-extracción, de instalacións frigoríficas e de redes e sistemas de distribución de fluídos.
- **Técnica/técnico** en planificación de montaxes de instalacións caloríficas, de climatización e ventilación-extracción, de instalacións frigoríficas e de redes e sistemas de distribución de fluídos.

